


Núm. 86

Tomo 8.<sup>o</sup>

# nós



CASTELLAS



BOLETÍN MENSUAL  
da  
CULTURA GALEGA

Direitor Literario

Vicente Risco

Direitor Artístico

Alfonso R. Castelao

Ademinstrador

ANXEL CASAL

---

DIREICIÓN E REDAUCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

—A CRUÑA

---

ABONAMENTO

NOTA

Doce números, na Península 6'00 pesetas.

Fora da Península 8'00 \*

Número solto 0'70 \*

Este boletín non publicará mais orixinais qu'os que foran directamente solicitados pol-a Direición. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidas, a non ser das que por non iren rubradas, enténdense que son da Redaución.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

---

SUMARIO

Inno alla Galizia, polo P. Celestino García Romero † — TRADUCCIÓN DE GUIDO BATELLI.

Leabhar Gabhála, Libro das Conquistas d'Irlanda.

San Francisco pregando os paxariños, traducción do Poema de Mosen X. Verdagueiro POR Xosé M. CABADA.

Da Alemania, POR VICENTE RISCO.

Os homes, os feitos as verbas, POR A REDAUCIÓN.

\*\*\*\*\* IMPRENTA “NÓS” \*\*\*\*\*

Facturas - Estados - Libros - Revistas  
e toda crás de traballos tipográficos

Trasmitanos os seus encárregos

Hortas, 20

SANTIAGO

Vicente Risco

Abogado

Sto. Domingo, 47-2º

Ourense



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano XIII      ★      Ourense 15 de Febreiro do 1931      ★      Núm. 86

## I N N O   A L L A   G A L I Z I A

Cantiamo la Galizia, la terra deliziosa  
che veste eternamente un manto d'erbe e fior,  
che mostrasi à suoi figli qual madre generosa,  
ed anche ai forastieri offre delizia e amor.

Cantiamo la Galizia, cantiamola, ragazzi,  
terra miglior nel mondo niuno può mai trovar,  
é dolce come agnello, più dolce dell'abbraccio  
che al figlio suo lontano la madre suol serbar.

Tien boschi tanto folti in cui non entra pioggia  
ed alberete fresche dove non passa il sol,  
tien valli e tien dirupi ed ha pinete immense  
che di sua mano Iddio pose nel nostro suol.

Di temperato cielo é ricca la Galizia,  
il freddo non v'uccide né bruciavi l'ardor,  
i venti che qui giungono vi calano amorosi  
e scendono al suo piede a dirle il loro amor.

Per questo son fiorite le valli di Galizia  
e tutti i suoi sentieri adorni son di fior,  
distendonvi un tappeto, un manto variopinto,  
e al pari dell'estate, di verno danno odor.

Cantiamo la Galizia quanti la conosciamo,  
cantiamo la Galizia quanti qui san cantar,  
ch'è il più lieto paese che esista in questo mondo,  
la terra più gioconda che Dio volle crear!

Il sole che l'allegria dimostrasi giulivo  
vedendo tante rose di splendidi color,  
la bacia del suo riso, mirando tanto verde  
e sovra ogni sentiero la croce del Signor!

Qual pecorelle manse qui sono le fiumane,  
 i venti non le tûrbano, ma l'onde a baciare van  
 e póngonsi seduti á piedi degli ontani  
 a favellar d'amore e li tranquilli stan.

Cantatemi Galizia quanti sapete d'ella,  
 cantate la Galizia quanti qui san cantar,  
 quanti nel petto avete amore a cose belle,  
 voi che del Cielo un giorno udiste favellar!

Se i monti vi son alti, è perché su nel cielo  
 le cose di Galizia amano raccontar,  
 e levano gli aromi dei fiori nel lor canto,  
 come la madre il figlio quando lo vuol cullar.

Che splendide pinete sui monti di Galizia,  
 e quant'altre potrebbero sovr'essi prosperar,  
 se furon la corona di tutti i suoi signori,  
 a quanti poverelli il pan potrebber dar!

Senza confine i boschi e sempre verdeggianti,  
 par che la terra intera cerchino d'ombreggiar,  
 all'ombra delle piante invitano i suoi figli  
 perché sereni vengano a ridere a danzar.

Cantatemi Galizia quanti sapete d'ella,  
 cantate la Galizia quanti qui san cantar,  
 chi di profeta al labro sa modular la tromba,  
 e chi su una zampogna di canne sa suonar!

I figli suoi dispersi il mondo han riempito  
 di beni e di ricchezze, di nome e di splendor,  
 e quando dè lor fatti qualcuno fa memoria  
 s'arresta per udirli attento fino il Sol.

Cantate, miei galleghi, orsú con tutta l'alma,  
 la terra benedetta che il Cielo ci donò,  
 con rivi d'acqua chiara sopra l'arene d'oro  
 con baie quete e calme che Dio per noi creò.

Cantatemi Galizia quanti sapete d'ella,  
 quanti nel petto vostro levate alcun valor,  
 e quanti ora qui siamo, le nostre mani in alto,  
 guiriam la nostra terra portar sempre nel cuor!

P. CELESTINO GARCIA ROMERO

traduzione di Guido Battelli  
 Coimbra, marzo 1931.



## A historia d'El-Rei Breogán e dos fillos de Mil, asegún o Leabhar Gabhala

Semella que o primeiro historiador galego qu'utilizou as fontes irlandesas referentes á expedición dos galegos á illa d'Eirín, foi o P. Alvarez Sotelo, profesor do Colegio d'Irlandeses de Compostela. Supón Murguía qu'o P. Sotelo utilizou principalmente o *Leabhar Gabhala* e o *Libro dos catro Mestres*. «Por lo demás, —escribe— nada más cierto que leyendo lo que escribe referente al asunto, se ve claramente que las noticias de que se vale están tomadas de ambos tratados, en especial del primero, y se halla todo ello redactado casi en los mismos términos que acabamos de consignar». (1)

O mesmo Murguía pol-a sua banda, pra falar da historia de Breogán e dos seus fillos, botou man do *Leabhar Gabhala*, do que cita unha edición francesa. (2)

«O *Lebor Gabala* (*Leabhar Gabhala*) «Libro das conquistas d'Irlanda» —di un dos mais autorizados celtistas do noso tempo, o Prof. Thurneysen— é, na sua forma máis antiga, esencialmente unha prosificación de varias poesías «históricas» de Gille Caemann—o Caemhan que citan Murguía e Vilanova— (3) das que unha procede do ano 1072, con relación a poucas outras fontes. Nasceu, coma enriba, p. 35 foi observado, arredor do 1168 ou un século antes, e contén toda a historia d'Irlanda dende Noé (despois dend'Adán) deic'ao tempo da sua redacción, en parte, por certo, somentes en forma de loitas de reis». (4)

En col do contido do *Leabhar Gabhala* e da sua derradeira redaución, veleiquí o

que di o ilustre profesor irlandés Douglas Hyde (1): «O ciclo d'histórias mitológicas que s'agrupan arredor das primeiras invasións d'Eirín están espalladamente repensadas nos manuscritos irlandeses. Non somentes é menor o seu número, mais a sua sustancia é mais confusa qu'a d'outros ciclos. Pra o mitólogo comparativo e o folklorista, así e todo, elas son cecais as mais interesantes de todas, e botan mais luz que ningunha das outras sobr'as primitivas ideias religiosas da raza. As mais das sagas conectadas co-iste ciclo premilesian, somentes se poden atopar agora en breves estrautos conservadas no *Leabhar Gabhala* («L'yowar (rimando con hour) gow-awla, the book of the takings or holdings of Ireland») ou libro das Invasións d'Irlanda, do que longos anacos existen nos libros de Leinster e Ballymote, e que Michael O'Cleary (recollendo total-as fontes que poden recoller no seu día) reescribeu arredor do ano 1630».

Tendo en conta a importancia considerábel que pra nós ten iste libro, no referente á invasión dos Milesians ou Brigantinos na Irlanda, imos publicar eiquí a versión galega dos capídos XI, XII e XIII, que son os que á raza de Breogán se refiren.

Esta versión está collida da autorizada versión inglesa de Macalister e Mac Neill, que se pode comparar co texto gaélico qu'a acompaña. A qu'ofercemos eiquí ao público galego está feita o mais literal que foi posible, e está ademais ben contrastada e comprobada.

(1) *Historia de Galicia*, 2.ª ed., Cruña, MCMI, p. 506.

(2) Ibid. p. 497, nota.

(3) Ibid. p. 496, e *Ibernia Fennica*, respectivamente.

(4) *Die Irische Helden und Königsage bis 17 Jahrhundert*, Halle, 1921.

(1) *A Literary History of Ireland, from earliest Times to the Present Day*, London, T. Fischer Unwin, Paternoster Sq. 1899.

## L E A B H A R G A B H Á L A

## LIBRO DAS CONQUISTAS D'IRLANDA

## C A P I T O L O X I

## A ocupación dos fillos de Mil

(Gabhéil Chloinne Miledh)

122. Unha vez que temos referido a ocupación de Ceasair, primeiro, que tomou Irlanda enantes do dioibo, e das catro ocupacións que houbo despois do dioibo, da caste de Aitheacht fillo de Magog, fillo de Japhet, fillo de Noé — estas son as catro ocupacións: Partholon, Neimheth, Fir Bolg, Tuatha Dé Danann (1) é justo que contemos seguidamente o da caste do fillo que foi o mais nobre dos fillos de Magog, de nome, Baath e da sua caste, que tomou a Scythia grega o patrimonio dos fillos de Magog; despoixas foi a Egipto; de novo á Scythia; logo ao Gaethlaigne; despois d'isto á Hespanha; logo á Scythia; a Egipto; á Hespanha outra vez; e logo á Irlanda; e coma lles tomárona contr'os Tuatha De Danann; e a historia dos reis que tomaron a Irlanda d'iles, un apó d'outro co número dos seus anos dende Eremon a Mael-Shechlainn Mor, fillo de Domhnall.

Dende Adam ata qu'os fillos de Mil tomaron Irlanda, 3500.

(1) Macalister (*The Archaeology of Ireland*, London, 1928, p. 27) identifica as cinco invasións post-diluviales d'Irlanda coas antigas poboadas da insensa: «Passando por alto as historias antediluvianas—das que a leenda de Ceasair non é mais qu'unha de tantas—podemos cercais identificar o pobo de Partbolon, o de Nemed o os Fir Bolg coas varias tradicións do pobo aborigen da idade de bronce; os fillos de Mil co pobo céltigo; e os Tuatha Dé Danann, que eran certamente seres sobrenaturais, coma os deuses qu'os celtas trouxeron coles». Os Tuatha De Danann viven nou no folcloré irlandés un rei semelhante ao dos nosos mouros encantados. Tocantes aos Fir Bolg, algúns ven n-lles certa relación cos iberos e bereberes, e a leenda aponíelles o térense adicado ás artes da feiticeiría e magia negra. Asegún algunas versións, sobreviviron a desaparición dos Tuatha De Danann, e aliáronse cos Milesians, chegando a teren un rei da sua caste. Sobre d'estas cousas todas pódese consultar tamén R. Ross Brash, *The Ogam inscribed Monuments of the British Islands*, London, 1872.

Dend'o dioibo ata qu'os fillos de Mil viñeron a Irlanda, 1258.

123. Noé divideu o mundo en tres partes antr'os seus fillos Sem, Cham e Japhet. Sem sobr'o meio da Asia, dend'o río Euphrates deixa o estremo leste do mundo; Cham sobr'a Africa e a mitade sul da Asia; Japhet sobr'a mitade norte da Asia e toda a Europa. Japhet, fillo de Noé, fillo de Lamech, fillo de Mathusalem, fillo d'Enoch, fillo de Jared, fillo de Mahaleel, fillo de Cainán, fillo d'Enós, fillo de Seth, fillo d'Adam. Agora Japhet; veleiquí os seus fillos: Gomer, Magog, Thiras, Javán, Mesech, Madai e Tubal.

124. Canto a Magog, fillo de Japhet, viviu na Scythia grega. Cinco fillos tivo Magog: Baath, Ibath, Barachán, Emoth e Aithecht. Da castimonia d'Aithecht foron as conquistas que temos relatado, exente a de Ceasair somentes. Baath o primeiro fillo de Magog, seu fillo foi Fenius Farsaith. Iste Fenius era un dos principais chefes qu'había cando foi da construcción da Torre de Nemerod. Fenius tivo dous fillos: Naenbal e Nel. Iste Naenbal, o seu pai Fenius deixoulle a autoridade sobr'a Scythia atrás d'il, cand'il iba pr'a Torre. Tocantes a Nel, o outro fillo de Fenius, nacera na Torre. Foi instruído nos varios línguas que foron arredados na Torre, porque deixa entón non había ningún, senón era o primitivo línguage, hebreo, somentes. Fenius entón volveu á Scythia outra vez, cando todos espalláronse dend'a Torre, así que colleu ali o reinado; ata que morreu ao cabo de corenta anos dend'aquele, e deixou o reino da Scythia ao seu fillo, Naenbal.

125. Iste Fenius que deixamos mencionado, foi o que mandou setenta e dous estudiantes polo mundo, deprenderen todal-as linguas, ata que lhas trouxeron todas juntas a il a un lugar despois qu'as deprenderon. Il despois forneceu as mantenza e vestimenta, os sete anos d'estudo e os tres anos de colocación; e aquil Nel foi istruido en todal-as linguas ata qu'as deprendeou e foi soado mais que todol-os nobres de todo o largo da sua terra. Cando o rei d'Egipto Pharaoh Cingeres ouviu o que tiña feito, convidouno a ir onda il, en consideración ao grandor da sua coñecencia, abelencia e instrucción. Nel aceitou o convite, e despois estando unha vez no Egipto, o Pharaoh que é o rei d'Egipto, deulle a sua filla Scota por muller, con herdamento e terra. Entón Scota deu un fillo a Nel, Gaedheal Glas seu nome. Iste son os tres nomes dos cuales os descendentes d'iste Gaedheal son nomeados, Fenius, Scota e Gaedheal. Feni é o seu nome por Fenius; Scots de Scota filla do rei d'Egipto, que era a muller de Nel, e Gaedhil de Gaedheal, fillo de Niul, fillo de Fenius Farsaidh.

126. Asina que pra comprobar istes veilos nomes dise aquello:

Ferni, de Fenius foron chamados iles  
unha verba con enseño;  
Gaedhil de Gaedheal Glas foron chamados,  
Scots de Scota. (1)

127. Agora Nel viveu cara ao Sul do Egipto, en Capachirunt (Pi-Hahiroth, *Exodo*, XIV, 2) nas beiras do Mar Bermello, que é chamado o *Mare Rubrum*. Era aquil o tempo en qu'os Fillos d'Israel fugiron da escravitude egipcia na qu'estaban baixo do Pharaon; asina eles chegaron á terra onde estaba Nel, fillo de Fenius, na veira do Mar Bermello. Nel foi onda iles pra saber qu'en eran; e Aaron, fillo d'Anaram irmán de Moisés, atopouno nos lindeiros do hóspede.

Falarón un co outro. Aaron refireu as suas aventuras e manifestouille os miragres

(1) D'estes Feni tiraron o seu nome os *Fenians*, revolucionarios nacionalistas irlandeses do século XIX, que formaban una forte sociedade secreta organizada militarmente por John O'Mahony en Norteamérica e por T. Stephens na Irlanda polos anos 1861 e 1862.

que Deus obrou por meio de Moisés na terra d'Egipto, en resgate da servidume do pobo d'Israel; antr'iles estaban as consabidas dez pragas que caíron riba d'iles (1), das que tanta gente pereceu. Aaron e mais Nel fixeron un trato e amizade entre si despois d'isto. Nel decatouse con pesar d'esprito da acorante calamidade que lles fora imposta e o grandor da necesidade en que s'achaban, e prometeu partir co-iles todol-os bens do seu poder namentras iles estiveran na sua vecinanza. E co-a mesma, arredáronse.

128. Aaron foi onda Moisés despois d'isto, e refireulle a cordial benvida que Nel, fillo de Fenius iles dera, e todo o ben que lles prometera namentras estiveran na sua compañía. Moisés ficou moi obrigado pra Nel pol-a sua amisade. Non embargante cando Nel s'arredou d'Aaron, foi ao seu pobo e refireulle as novas dos Fillos d'Israel, e os apretos en que s'achaban. Ademais contoulle coma il contraguera amisade coilles e que lles había mandar dons de mantenza e provisión. E com'o dixera, así o fixo. Moisés e Aaron, co seu pobo ficaron moi agradecidos por aquello.

129. Agora, iste Gaedheal, a quen temos mencionado, era un rapacío pequeno n'aquil tempo, e aconteceu qu'unha serpe pezoñenta feriu todo arredor, tanto qu'a morte andaba preto d'il, e todos espantados de que fora morrer d'aquello, a non ser que fora salvado ben aixiña. O seu pobo dixolle a Nel que debía levar o pequeno a Moisés, ja qu'iles fixeran pauto, e já que sabian das maravillas e grandes miragres que Deus operaba por il deica entón. Así se fixo; Moisés fixo unha acesa e diligente pregaria a Deus cando o neno chegou cabo d'il, e bateu co-a famosa vara na serpe ata qu'a tronzou en duas. O neno sandou d'unha sentada. Había un anel verde no seu corpo por onde a serpe s'aplicara a il, todo d'arredor, dende aquela deica a sua morte, de xeito que iste *Glas* («Green») (2) quedouille coma nomeada. Moisés deixou por virtudes e gracias ao neno Gaedheal que ningunha serpe pezoñenta poidera nacer dende entón, nen a il,

(1) Dos egipcios.

(2) Verde

nen a ningún da sua castimonia, pra sempre; e que ningunha serpe pezoñenta poidera vivir ond'a sua castimonia vivira despois d'il; e que moitos reis e sobre-reis, santos e justos habian nacer da sua raza apés d'il. Veleiquí a causa pol-a qué non hai nunca ningunha serpe pezoñenta na Irlanda. (1)

130. Despois d'isto, Nel dixolle a Moisés: «Pharaon virá a nós e asoballarános en punimento da nosa amizade convosco, e a bendida que nós vos demos, e porque nós non vos preseguimos nen vos detivemos». «Ven conosco con todo o teu pobo» dixo Moisés, «se queredes, e quedai pra sempre conosco, e cando tefiamos á terra que Deus nos prometeu, procurareivos unha parte d'ela; ora, se queredes millor qu'eu vos dea algúns dos barcos de Pharaón, de geito qu'estean ao

(1) Cf. esta tradición co-a recollida por Raúl Feste Aviño, na *Ora Marítima*, versos 156-157, de teren sido os Oestrimios, antigos habitadores pre-célticos de Galiza, batidos fora por unha invasión de serpentes, e a interpretación que fai Schulten, d'este pasaxe, identificando as serpentes (en grego *sepes*) cos Saezes, primeiros invasores célticos de Galiza segun Bosch Gímpera (*Ensayo de súa reconstrucción de la Etnología prehistórica de la Península Ibérica*, Santander, 1922, p. 79), ampliamente desenvoltas por Florentino L. Cuevillas e Fermín Bouza Brey en *Os Oestrimios, os Saezes e a Ofiolatria en Galiza*, sep. do vol. II dos *Arquivos do Seminario d'Estudos Galegos*, Santiago de Compostela, 1929). Neste traballo hai interessantísimas observacións e consideracións en col do culto das serpentes en Galiza, suas supervivencias e lendas e tradicións co-las relacionadas. Unha d'ellas, de Santa Ulia de Fermentelo, Guimaraes, Minho, Portugal, fala d'unha ninfada de serpentes, que estaban debaixo da terra e fixeron fugir aos buscadores do tesouro (ibid. cit. p. 145). Unha lenda irlandesa dí tamén que houbo un tempo en qu'a Irlanda estivo tan emfeitada de serpentes, que os habitadores tiveron que fazer casas erguidas sobre pilotes, e dend'ali colleres de comer con forcas; ata que veu San Patricio e matounas todas, senón foi a maior de todas, que ficou viva, e era o demo. Tytler recolle outra asemeyada que, na Irlanda, hai cobras convertidas en pedras por San Patricio, e habia mercaderes ingleses, qu'iban buscar terra a Irlanda pra botala nos seus jardíns e protexelas asína contrás bestas peroxidantes ou matalas.

voso mandado pra fuxirdes antes que veñan os egipcios, namentras non sabedes que nós e iles arredámonos un do outro».

131. Convifieron en qu'os barcos estarían na posesión d'iles (1), anque foran os fillos d'Israel quen llos pillaron ao Pharaon, pra que os egipcios non poideran atopar equipos pra navegaren atrás d'iles e solprendelos. Nei marchou con todo o seu pobo pol-o mar adiante, nos devanditos barcos, aquela noite, namentras non souperon qu'os nemigos s'arredaran un do outro á mañá; e foron pol-o estreito do mar deica qu'os fillos d'Israel tiveron marchado a pé enxoito atravesando o Mar Bermello, e dcica que Pharaon co-a sua tropa non foron asolagados candatentaba d'os ir seguindo. Veleiquí a conta dos qu'ali foron solagados: seis centos guerreiros de carro, cincoenta mil d'acaballo e douscentos mil d'apé. Cando Nel soupo d'esta sorte do Pharaon co seu pobo, tornou de novo ao seu propio Estado, porque non tiña medo ningún d'il, já qu'os egipcios foran de tal geito asolagados; e viveu ali dei-ca a sua morte.

132. Gaedheal Glas, fillo de Nel, colleu o governo e forte supremacia no devandito Estado, Capachirunt despois da morte do seu pai. Un fillo lle nacera a Gaedheal no Egipto, qu'era Easru. Foi criado ata que podreu levar as armas, e tomou o mesmo principado despois da morte do pai. Iste Easru tivo un fillo principal, Sru seu nome. Sobrepasou aos guerreiros do seu tempo en valentía e heroísmo. Easru morreu despois d'unha estación, e o seu fillo Sru colleu o principado despois d'il.

(1) Do pobo de Nel.

Está no prelo

## O DERRADEIRO AMORE

Novela, por Aurelio Ribalta.



## San Francisco pregando ós paxariños

(Do Poema en catalán «San Francesch» de Mosén X. Verdaguer.)

Camiña o Apóstol do amor  
por unha fraga da Italia;  
i-o amor que él ten a Xesús  
xa non lle colle na i-alma.  
Fálalle ós ríos e ás froles,  
e os piñeiriños se abraza  
o eisilado Serafin  
que ten do ceo añoranza.  
Antre ledo rechouchio  
os paxaros o acompañan;  
os que aledan o arboredo  
revoan de galla en galla  
e os que pol-o ceo voan  
atentos no aire pairan.  
Francisco por lles falar  
baixo un carballo se para.  
Uns sobre a herba se pouzan,  
outros sobre o touzal baixan,  
pónense os mais cariñosos  
sobre os seus xionllos i-espaldas.  
Hai un sobre cada herbíña  
e moitos en cada galla.  
— «Irmáns paxariños — dílles —  
'Canto o criador vos ama!  
Sin sementeiras nin segas  
na vosa mesa non fallan  
sementes de homildes herbas,  
da fonte pingotas d'auga  
si no cáliz das froliñas  
queréis bebel-a rosada.  
Coser e fiar non sabedes,  
mais Deus vos veste e vos calza  
e voso traxe e calzado  
valen mais que d'ouro e prata.  
Por leito vos dona un gromo,  
as follas por sobrecamas,  
ceo e terra por gaiola,  
por niño fermosas fragas.  
Paxariños, meus irmáns,  
'canto o criador vos ama!»

*Amiddeo, pois, tamén vós,  
que amor con amor se paga;  
cantálle ó caír da tarde,  
cantáddelle na alborada  
do amor a cántiga doce  
que os homes tén olvidada! —*  
Ás aves así pregando,  
San Francisco se estasiaba.  
Elas, por reverencial-o,  
suas cabecifas abaixan;  
a anduriña alarga o colo,  
a perdiz estende as alas,  
i-erguendo ó ceo seus ollos,  
abre o peteiro a colandra;  
fai a roda o paxarel,  
saltarica a cogullada,  
erguendo e baixando ón tempo  
sua capucha franciscana.  
Cando Francisco as beizoa,  
de amor chian e salaián  
i algúñ reiseñor diviño  
doces arpegos espalla.  
Do sagro sino que él fai  
collen a forma en bandada  
e voan cantando ó ceo  
como unha cruz que se agranda  
dende Nacente a Poñente  
dende o Sur á tramontana.  
Así a Cruz de Xesús  
que o Mártir de amor abraza  
será erguida en todo o mundo  
pol-os fillos da Seráfica,  
que probes coma os paxaros,  
xa por montes e valgadas  
de amor a cántiga doce,  
do home esquencida, cantan.

XOSÉ M. CABADA VÁZQUEZ

Pazo de Raxoi, Santiago.

# D A A L E M A Ñ A

POR VICENTE RISCO

## *H.—O RHIN.*

(*Proseguimento*)

### DE HERGENRATH (AACHEN) A COLOÑA.

Hergenrath é unha das estaciós d'Aachen, Aix-la-Chapelle ou Aquisgram, coma quejadas, a vila carolingia, imperial, paneuropea d'antr'os séculos VIII e IX, da que somentes podo recolle-la resoanza histórica do nome. Cando Calromagno gorentaba demorar n-ela, foi cand'o milagre fixo xurdir a Estrela do Apóstolo. A sôma imperial de Calromagno deita leendaria e simbólica juntamente sobre Aquisgram e Compostela.

Mais arrestora, pra min, Aquisgran non é mais que Hergenrath, e Hergenrath non é mais qu'a alfândega.

Ao porme a falar no meu alemán co que recolle os boletos, os tres alemás que veñen conigo intervénien. Pergúntanme se son francés ou belga. Ao decirlle que son hespaniol, o elegante do ollo enloitado amóstrame unha *Kölnische Zeitung* que trai en letras grossas a chegada do Zeppelin a Sevilla. Se non decata, crar'está de que Sevilla é pra min tan exótica coma Aachen. Estivemos unha miga falando no andén. Despois rubrimos pr'abrirmol-as valijas, e chegan os da alfândega. Pouco miran mais eu pergunteilles que facía co meu baúl; coma me non lembraba d'outra verba, chameille caixa: díxenlle que traguía *eine grosse Kista*... O elegante do ollo enloitado enmendoume moi fino:

—*Einen grossen Koffer.*

E tiven que baixar. Antr'un mozo e mais eu desenleamos o *grossen Koffer*—que soilo ao demo se ll'ocurre viajar co-ise canfornio—abrin, dixen que non levaba mais que *gebrauchte Sachen*, e volvíñ pechar e o mozo a enlear.

Non iba mais baúl qu'o meu, e non debe-

ra d'ir ningún. Un baúl é de cote unha cruz pra o viageiro: vai sempre cheo de moitos mais kilos d'inquedanzas e coidados qu'os que poidan pesal-a roupa barata e se cadra repasada que leva dentro. Os kilos pesan nas costas dos mozos, pero moito mais nos mios do viageiro, que ten que pagal-o exceso, o mozo, a facturación onde non dan kilos, coma n-Alemaña, a consigna, ten que ter man de non perdel-o talón, de ter tempo pra facturar, etc. E despois, o mais pra que sirve, é pra se sentar n-il.

Asi e todo, voltei satisfeito ao vagón, e seguimos cara Colonia. Poucas lembranzas teño tan confusas com'a d'iste anaco de camiño. Tan confusa e tan griseira, que vai desaparecendo apresa. Se cadra despois, lembranzas soltas: tal casa, tal ponte, reviven desencaixadas do seu sitio, e resulta qu'as vai un encaixar n-outro lado calquera. Son as mafias do trasno, que non anda somentes pol-a casa, fora de nós, senon qu'anda tamén por adentro do noso espírito, e arma todos ises ensarillados no noso pensamento—qu'a psicoanálise quer logo devanar—com'un gatíño novo que joga c'un novelo. O trasno non trastexa somentes nos cazolos da espeteira, mais tamén coas nosas ideias, que volte e revolve coma lle cadra. Somentes por brinca-deira, pensamos nós, mais se cadra esas couzas todas teñen un fito que nós descoñecemos, e que pode ter un valor tamén pra nós descoñecido.

### COLOÑA.

Chegamos a Köln. Eiquí si qu'emprinciparon as dificultades e os trabucamentos. Estación imensa—ao menos talmente me pareceu—severa, ferreña, escura, inzada de le-

treiros en negras letras de rótulo sobre fondo branco: *Ausgang, Eingang, Ankunft, Auskunft, Bahnsteig A, Bahnsteig B, Bahnsteig C...* Ben: o alfabeto inteiro de Behnsteig. Debaixo, por enriba, a seguidas dos letreiros, grandes flechas negras que mais qu'indicar, semella qu'ordean e mandan. N-Alemaña non compre perguntar nada, porque todo anda escrito pol-as paredes. Ora que, crar'este, compre primeiro qu'a un se ll'ocurra ollar pr'aos letreiros, senón, adiós. E coma nas estaciós hespañolas non hai d'iso, senón somentes uns siñás misteriosos que non entenden mais qu'os ferroviarios, que d'iste xeito s'aseguran a sua superioridade sobr'os viageiros, pois resulta que despoixas vimos eiqui, e non agardamos qu'os alemás señan tan finos e corteses que nos teñan ata mapas e guías dos camiños de ferro postas en cada andén, pra qu'un se poída enteirar de todol-os trés qu'entran e saen, con horas e prezoe, nem qu'ainda por riba, indo un no vagón, veña ao millor un empregado calquera, e lle meta a un na man un *Fahrplan*, e calquera pensa en precurar letreiros indicadores.

E ainda hai outra cousa: os galegos—por culpa tamén dos costumes hespañoles—somos desconfiados; un galego endejamais está seguro d'unha cousa, se lla non dixerón tres ou catro veces persoas diferentes. A un galego lle non abonda c'un soilo abogado, c'un soilo médeco, c'un soilo empregado do camiño de ferro; ten que perguntala mesma cousa a tres ou catro, e se pode ser, que non seipa un que lle perguntou ao outro. E se cadra, despox de tomar consello de cinco ou seis, e de lle dar cen voltas, revoltas e viravoltas a cada un dos recollidos, arremata por non seguir ningún, e facer o qu'a il lle sai d'adentro, e case sempre atina. O galego é de cote un hipercrítico, o qual ténelle aposto coma chata injustamente. A min paréce-me tan ben a hipercrítica galega, qu'adoito prakticala de cotío, e com'ademas, canto mais longe un está de Galiza, mais galego é, pois resulta que redobla un as precaucións ainda.

Concedo qu'onde se non pode andar co-esas andrómenas é precisamente na estación do camiño de ferro, e menos na Hespaña, onde s'un expón a perde-lo tren e non ter outro por abondo d'información. N-Alemaña, porén,

hai trés mais ben de mais que de menos, e pódese un deter mais pra s'informar.

Pois foi o qu'eu fixen: pergunta d'acó, pergunta d'acolá, a min inda me comprendían, mais eu a iles, nen tan xiquera unha verba. A forza d'ir e volver, d'avanzar e recuar, atopei o *Depot* pra deixal-as valijas, que já me doían os brazos d'andalas carreteando, e fiquei ceibe pra collel-o tren de Bonn. Ainda me custou atopal-o despacho de boletos, mais por fin pareceu, collin un pra Bonn, por 1'50 marcos. Mais cumpría atopal-o tren de Bonn. Fun perguntando, e trabucando de cote a interpretación da resposta, e d'iste xeito, rubin e baixei, coido eu, tod'o alfabeto d'andés, e non conseguia nunca saber s'iba ben, s'iba mal. Cheguei a sudar, a doerme dos pés... Pode que botara pra contra min algúns juramentos... Mais a poder de facel-o parvo, fun deprendendo todol-os letreiros, sen fallar un. Estudei cos ollos, co magín e cos óeos unha brava leizón d'alemán que me foi do meirande proveito pra d'ali adiante, e sen volver perguntar, atopei o andén e a hora do tren de Bonn.

Ainda había tempo. Baixei á sala d'espera de 3.<sup>a</sup> longa, tristeira, escura, con pequenos luces eléctricos na vouta, con mesas de pau e cadeiras, e un mostrador de bar. Dous ou tres viageiros bebian cervexa. Eu pedín un café. Un mozo cadrado con chaquetilla de barbeiro, decorado coa insígnia internacional da servilleta no brazo, manipulo do seu sacerdicio, tróixome d'iso que n-Alemaña chaman café, tres anaquillos de zucré coa garbanzos postos n-un p'atiño d'ises das copas de licor, e un tarriño das bonecas onde collía unha bágoa d'un leite espeso e suculento. Semella qu'aquil leite vai ser pouco, e resulta qu'abonda, por qu'o café... non falamos d'il.

Ali estab'eu só, n-Alemaña, sen comprender a ninguén, case sen que me comprendean a min. O meu desánimo era tan grande, a canseira, a negrura que m'envoltaba, a soedade que m'aterecía eran tan ruis, que me puña medo seguir adiante, e tentado estiven de dar volta... Asi e todo...

Rematei o café, e desbotado por aquela sala con ar d'hospital, rubin desesprado ao andén. Ali estaba ainda o Dr. R. T. Faloume en francés. Falamos da miña viage, de Berlin... Dixome que fose vel-a Catredal, qu'está

ahí ao lado, e qu'ainda tiña tempo de botar un rousso arredor, e ainda d'entrar. Entón fun.

Está saindo da estación a man esquerda. Ten a vantage d'estar toda inteira e cumprida, coas suas agullas, seus tres triples portais, seu ouso. Moderna é, mais é unha joia ojival, cecais sen ter ren d'extraordina-rio, mais precisamente por ser unha cousa tipo. Eu, se me mandaran pintar unha eireja ojival, coido que se me deixo levar da espontaneidade, pintaria a catedral de Colonia. Hai ainda pra isto unha razón: a primeira obra gótica qu'a min m'encheu de pasmo, foi precisamente a catedral de Colonia qu'eu vin n-lgunha gravura d'algún libro que non podo lembrar, e ficoume tan chantada no pensamento que por moi tempo, eu non concebín o ojival mais que realizado niste Domo, at'a ponto de que a soila verba «gótico» evocábase infaliblemente e escravivamente, a Catedral de Colonia, e eu non concebia, ademais, que poidera haber cousa millor. E cando, despois, já medrado—por qu'isto era de rapaz—emprincipiei a m'intresar pol-a arte, de primeiras, cando via libros que falaban das mais importantes eirejas ojivais, estranabame moito qu'a de Colonia non aparecera en pirmeiro termo.

Já estava ao pé d'ela. S'hei falar verdade, noxoume un pouco vela tan rematadiña; sigo pensando qu'é o gótico mais lanzal que coñezo, mais cecais coma secuencia d'isto mesmo, aseméllase mais da conta ao gótico moderno dos altares de pau. Colonia evoca Parderrubias.

Entrei. Estaba disposta pr'as Froles de Maio. Unha sorte de pinzerna vestido d'archimandrita armenio ou cousa así, de roupon escarlata e outo gorro de seda com'o dos mandarins chinescos, evocación dos tempos do Princepe-Arcebispo de Colonia, andaba recollendo unhas cordas qu'iban d'un pilar á parede. Semelloume oficio un pouco baixo pra un persoage de tan pomposa vestimenta e de tal volume de coengo com'o que tiña. Lembrei os barbeiros de tiara que rasuraban aos imperadores bizantinos. O Princepe-Eleitor de Colonia, ben se poidera dar o pote de vestir aos seus pinzernas de cardeales.

Recei á Virxe de Maio, que presidia a nave, e ollei a fermosa perspetiva e as lindas cristaleiras. Ao sair, pasei por ond'ús carros

eléctricos. Agardándoos había moitas rapazas de boinas brancas e brazos ao len, non todas guapas, todas riseiras e ledas, coloradas, cheas de frescura primaveiral, millor ainda que se foran bonitas... As rapazas do Rhin! Rosas germánicas, que trunfan pol-a razón singela de qu'o maor e o mais natural engado das mulleres estí na sua semellanza co-as froles.

Collín o tren de Bonn. Colonia quedou atrás. Campos con vacas, casas con caraute, bosque...

#### BONN.

Chovía unha migia cand'eu entrei en Bonn, e asi e todo, a vila semellaba leda e ridente. Era ainda dia craro. Fun andando dend'a estación deixa chegar á Market Platz. Ruas un pouco antigas, cheas de tendas preciosas, moita gente pol-as ruas, autos bruñidos e rapazas con boina branca. En todo unha presión d'alegría.

No meio da Market Platz había un Schupo termando da circulación, coas suas mans enfundadas en neve. Abeireime d'il pra precurrar onde cadraba Coburgerstrasse. riquel parvo diante d'aquil home imponente: esguio, loiro, gentil, aposto, fondos ellos d'azul craro e ergueito bigote d'ouro, facha distinta e fina, flamante uniforme, elegante capa azul de colo ergueito e engalonado, o estrano chaqué dos Schupos qu'eu ainda non coñecía, e as suas botinas—los tacones unidos, las puntas de los pies, separadas—afincadas no asfalto formando escuadra, relocian mais que charol, e logo, o detalle marcial e cortesán a un tempo de descansal-a man no peito metendo o dedo por antre douis botós da guerrera... Cando se voltou pra min, todo cortés, levando a man levemente á beira do chacó, espertiguei pensando qu'en lugar d'un Schupo fora falar c'un Coronel. Ao ver qu'era estrangeiro, perguntoume se falaba inglés. Non foi a pirmeira nem a derradeira, ou os alemás non saben mais lingua estrangeira qu'o inglés, ou pensan que é obriga de todo estrangeiro o ser inglés ou ao menos falar inglés. Resultou qu'o meu elegante Schupo non era Coronel, nem sabía de Coburgers-trasse. E' pra desconfiar un pouco das apariencias.

Boteime a andar unha migia amoscado, e non era pra menos. Perguntei a todos: homes



Veñen de aparecer:

## BEIRAMAR

Drama, por Armando Cotarelo.

## CONTIÑOS DA TERRA

por M. Garcia Barros (Ken Keirades).

## CINCOENTA HOMES POR DEZ REÁS

(Segunda Edición), por CASTELAO.

## VIEIROS

Versos, por R. Carballo Calero.

Está no prelo o volume XLV



# NÓS, Pubricazóns Galegas e Imprenta

## GALICIA

¡Galicia! Nai e Señora,  
sempre garimosa e forte;  
preto e lexos; onte, agora,  
mañán... na vida e na morte!

¡Galicia! ¡A Galicia santa  
de romeiros e xuglares!  
¡A de historia que abrillanta  
a Tradición nos fogares!

¡A que suspende e namora  
c-o inespricable segredo  
da gaita que rindo chora  
e do alalá triste e ledo!

A que sabe as canturias  
de Rodríguez do Padrón  
e inda leva de Macías  
a frecha no corazón!

A dos antigos mosteiros,  
a dos pazos encantados,  
a dos santos milagreiros  
contra os entangurrañados.

A das froridas valgadas,  
a de barulleiro mar,  
a das roibas alboradas  
e as noitíñas de luar.

A das toxos feridores,  
a das rosas velaiñas,  
a dos ventos berradores  
e a das choivas miudinhas.

A do Sar maino e tristeiro,  
pazo de almas enloitadas,  
e o Miño casamenteiro  
de trasnos, meigas e fadas.

A das serás campesinas,  
a dos brillantes orballos,

a dos queixumes dos pinos  
e as risadas dos carballeos.

O pobo de outras edáis,  
traballador e guerreiro:  
o das hirtas Irmandáns,  
do Medulio e do Cebreiro...!

¡Sempre Nai, sempre Señora,  
con leda ou cativa sorte;  
preto e lexos; onte, agora,  
mañán... na vida e na morte!

A facenda, o creto, a vida,  
o fogar... itodo por ela!  
Con Castela, ben querida;  
aldraxada... isin Castela!

¡Irmáns! Rubamos ó cumbe  
desatrancando o camiño,  
e botemos man do lume  
onde non chegue o fouciño!

¡Todo prá nosa Galicia,  
fror de todal-as virtudes;  
prá sedenta de xusticia,  
ferida de escravitudes!

Nummentras o sangue víbre  
en beizos e corazón...  
la esperanza de vela libre  
e este berro: ¡Redención!

¡Xuremos!

«Dereito ou torto,  
«sin máis alcuño ni achego,  
«dnoente ou sán, vivo ou morto,  
«gallego... isoyo gallego!»

R. CABANILLAS



e señores, mozos e vellos, vellas e criadas, e ninguén sabía de Coburgerstrasse. Estábache boa a navalla! Por fin, na porta d'unha casa, había un rapaz outo loiro, colorado, d'ollos claros, co-a cara simpática e soridente de todolos habitadores de Bonn. Faleille. O de que me perguntou se falaba inglés, cela va sans dire... Non faltaba mais. Mais aquil rapaz, que por certo levaba o calzón curto bombacho e as meias escocesas que tan ben din, e tanto se levan na Alemaña, resolveu-me o problema. Resultou qu'os feitos dicían coa cara. Figuraivos que boa persoa sería, qu'estaba parado il soilo diante da sua casa; ja compre ser bon. Perfectamente: tampouco sabía de Coburgerstrasse... Mais, válat'o domo, nen que Bonn fora tan grande; eu já estaba un pouco asustado. Resultaba que n'Alemaña, cada vila é un mundo... Mais non.

O rapaz, todo atento rubiu precurar un plano. Coi na man, antr'os dous buscamos Coburgerstrasse. Ainda tardou en parecer. Cadraba lonxe, case no cabio de Coblenzterstrasse. Mais non había perda: diante de nós case, estaba a Coblenzertor, por ond'a Coblenzterstrasse sai. O rapaz aconselloume que pillara un carro eléctrico, mais en non quiken mais complicacions. Díll'as gracias dend'o fondo da y-alma, e lástima que non viñera algún dia a Ourense, qu'o había levar a ver todalas cupletistas.

Botei a andar, despois de pasalos arcos da porta de Coblenza. Atopeime n'unha rua fermosiema, toda d'hotels arredados de frondosos jardins dos que viña o arreendo das froles e da terra mollada da chovicca recente. Rua tranquia, de luxo, na qu'ia já anoitecendo, e ficaba silenciosa e calada, com'o paseio d'un jardín.

Anda, anda, anda, camiña, camiña, camiña, alanca, alanca, alanca, cheguei á Coburgerstrasse. Precurei o número, e atopei pechado o valado de ferro, entretecido d'enredadeiras. Por mais qu'andiven no pecho, non había modo d'abrir. Mais a casa do lado tiña a cancela aberta. Entón entrei, rubín duas ou tres gradas, e piquei no timbre. Surtiu unha señora. Perguntei pola casa do Profesor Meyer-Lübke. Era a do lado, a qu'estaba pecha. Volví mirar s'habería un timbre por afora, e nada.

Ja non sabendo que facer, vin luz na casa

do outro lado, e petei. No balcón apareceu un señor en camisa, por certo moi falador e simpático. Perguntoume s'iba en precua do Profesor hespañol, e dixome que non sabía onde forá, e que Meyer-Lübke non estaba. E faloume en hespañol. No meio da miña anguria, vin o ceo aberto... Pol-o menos, ist'home vaime dicir d'un hotel:

—De manera —dixenlle— que no sabe V. donde está el Profesor hespañol?

—No sé nada, no sé nadal—respondeu a toda pressa.

—Pues estoy fastidiado—Dixenlle por non decir calquera verba pior—porque no conozco la ciudad, ni sé tan siquiera de un hotel.

—Oh, muy malo, muy malo!—berrou pechando a fenestra.

E eu ali quedei, nas escaleiras, giado de desencanto... Que se ll'iba facer! Había que dar volta. E din volta por antre ferasas residencias silenciosas e pechadas, arrodeadas de froles, e vizoco follax... Que ben debía vivir aquela gente... e qu'amocado iba eu!

Cheguei ao Market, e vin un hotel con restaurant, chamado Rote Kanne. Entrei, pedín unha cámara, e dérouma. E namenras, entrei a cear no restaurant. Coma primeirizo, pedín sopa, un plato e postre. O plato era de carne: bisté á inglesa, e trouxéronme un cacho de bisté tan formidable, e tal cugulo de patatas e ensalada, qu'apesares dos tragos de cervexa, eu non podía con todo. Eu estaba nun curruncho da sala. No oposto estaban unha chea de señores falandos, rindo e trasegando unha man de cervexa que puña medo. Ouvíase cantal-a *Viuda Alegre*, por radio. Servía un vellín de smoking, moi atento, que de cando en cando botaba a cabeza unha porta, e berraba:

—Matilde! Matilde!

E despois marmuñaba alá coa Matilde pol-o baixo.

Crer'está que de que rematei de tragos o que pudan da cea medieval que me puxeron, e de ver as evolucións dos cerveceixantes, que cada volta que chegaba un novo, e cand'a a'gún se ll'ocurría brindar, erguianse todos moi cerimoniaos e daban tres ou catro toupiñadas de cortesia, todo rindo moi, rubín pra me deitar na cámara número 13.

Estaba no estado perfeito do cuservador e do viageiro: tiña a testa tan inteiramente valeira d'ideias, que podía aproveitar canto

vira e canto ouvira, sen deformalo con ningún preconceito. Os yoguis levan ás veces moito traballo pra conseguiren o valeiro mental. Eu a quella hora conseguira o valeiro perfeito; amañecera aquil dia en París, e fíbame deitar en Bonn; atravesara o Norte da Francia, o Sul da Bélgica, remontara o val do Rhin, vira un sen fin de cousas e pasara unha chea de traballos, e por unha chea d'espranzas e desencantos. Arestora nen levaba conta do tempo, nen sabia nen pra qué viñera pr'Alemaña, nen que facía eiqui, nen case coma me chamaba. Cecais por iso teño todo canto vin na memoria.

#### A CAMARA NUMARO 13.

Dend'o portal estreito e longo, antre dous comedores, no que hai lavabos, colgadores, un cadro con números e chaves e outra chea de cousas que non lembro ben, compre rubir por unhas escaleiras a man esquerda, que levan a unha estrana cámara alfombrada e trasformada en salón ou recibidoiro, con mobles estilo Imperio brancos e dourados d'escura tapiceiría, cortinages e ata cornucopias. Duas gradas mais, e métese un por un pasillo, no que case sempre cruza un cunha criada de brazos ao ar e mandil de tirantes. Os afeizoados supoño que non haberá incomenente en que lle dean un moxegón porque haber, hai onde. Coido qu'a primeira porta a man esquerda n'ise pasillo, e senon a segunda, é a cámara número 13 do hotel ou paradoiro tidoado Rote Kanne.

A porta ten vidros traballados, e duas fenestras ao fondo, baixas e apaixadas. Dan a un pequeno eixido, e o ollar topa aixiña coas fenestras de por frente. Estas fenestras da cámara número 13 non terien madeiras, coma despoxias vin que sole acontecer na Alemaña. Teñen en troques abondo de cortinajes e de stores de puntilla. O qual non chega, coma ben se comprende, pr'arredal-a a crúa e crudel luz da mañán. Por outra banda, a porta é de cristais, de xeito que durme un coma pechado n'unha linterna.

Antr'as duas fenestras hai un lavabo moderno, empotrado, con dous grifos, un d'auga quente e outro d'auga fría, e desague centífecho. Duas toallas están penduradas duns tornos nikelados que hai na parede, por medio d'unhos presillos de fita que teñen cosidos.

#### NÓS

O leito está a man dereita, coa cabecela contr'a parede ond'está a porta. E' o primeiro leito alemán: antigo, de madeira bruñida. Ten a almofada moi ergueita, e está coberta coa sábena e un grosso edredón de seda bermella. Nós pés hai unha sorte de colchón que non sei ben pra que sirve, mais que, coma a sábena non chegaba ben aos pés, deixeino estar.

A mesa de noite, antr'o leito e a porta, é tamén antiga. Ten enriba un tapetiño de crochet, e unha lámpada eléctrica d'enxufe; mais non compre andar n'ela: unha pera que ven de riba da cama, premite alcender á vontade a luz do teito, a da mesa de noite ou a de riba do lavabo. Van as tres por turno, de cada vez qu'un lle dá á pera, alcendese unsa luz diferente. Por fin: a mesa de noite ten orinal, o qual m'amostrou qu'ainda hai cultura n'esta banda d'Alemaña.

Na parede que cadra a man esquerda conforme un entra, hai primeiro un colgador, e despois un gran sofá de reps, e dedicante unha mesa con tapete e cincieiro de louza.

O almario está á esquerda da porta conforme s'entra, do lado oposto ao leito, e non ten espello. Espello hai un bó antr'as duas fenestras, enriba do lavabo. Paredes empapeladas, teito caleado, alfombra no chao e duas cadeiras compretan—como din os novelistas do século pasado—o mobiliar da cámara número 13. E pra unha noite, tiña de mais.

Atopei aquele confortable e comprensible. Porqu'esquecía referir que pra o inverno, tiña dous radiadores debaixo das fenestras. O pior era a iluminación: sustituindo aos incomprensibles e noxentos maineles dos hoteis hespaños, había eiqui aquela endiñada porta de cristais. Ben é certo que tiña por adentro unha cortinilla forrada, mais nen por esas; a luz do pasillo colábase polos lados da cortinilla, algo escasa.

Non embargante, durmín aixiña, despois da deseiva que levara.

Ora, que despertei moi cedo. A luz entraba que daba genio, traspasando a cortinada toda e vindo faguer cóxegas nos nervos. Acordei de todo e funme lembrando nidiamente d'onde m'achaba, do que tiña que faguer, do que m'agardaba... Ainda lle din unha migia d'acougo á nugalla, deixándome estar ao quente debaixo de tanta roupa, gozando do

repousou en terra estrana, e d'esas horas da mañá no leito, de cote tan gustosas, nas que se solem desfaguer en fume levián os coidados da vispora. Así foi. Aisiña m'atopei aliviado e animado.

Entón erguínme, laveime por frente d'aquel espello, despois de ter descorrido os cortinaxes, e cando me viñeron chamar ás oito, com'eu dixera, estab'en já feito un señorito, sentado no vello diván, escribindo n-aquela mesa. Erguínme, e fun á rua.

#### A UNIVERSIDADE.

Do Market fun car'a Universidade. Fun por unha rua estreita e desemboquei n-unha placiña pequena, con arbres. A Universidade é un longo edifizo d'estilo neoclásico, liso, severo e frio, anque eraro e de leda coor, coa entrada por un xardín con reixa. Enriba da porta central da fachada, a image da Virxe, padroeira de Bonn, sandoume da miña sacerdade, e fixome risoña e maternal compañía.

Todo era ledo. Entraban e surtían moitos estudantes, os mais coa testa ao len, calzón curto bombacho, loiros, colorados e riseiros, e rapazas en pelo, loiras, ainda mais coloradas, todas e todos cos cartífolios debaixo do brazo, pirmeira visión da vida universitaria alemáa qu'eu viña precurar cheo de fé, com'outros tantos, já un pouco vellouco pra istes trotes.

Metinme por ali adiante, por un andadeiro penumbroso todo en pedra, e din ao cabo co Romanisches Seminar, qu'estaba pechado. Un estudiante de chapeu desfeito, anteollos e gabardina, viña cara min do ganchete c'outro que ficou indeterminado na miña lembranza. Perguntei, e il, sacando o chapeu, respondeu-me qu'abrian ás dez.

D'aquela, púxenme a agardar na acera, onde ata o asfalto mollado semelloume ledo e rideiro. Aló no cabo, a man dereita estaba a Coblenzer Tor, e por ali tiña que vir, se viña, o Prof. Martínez Santa Olalla. se cadra, n-un distes carros eléctricos.. Mailos carros pasaban, detífanse, baixaba e rubía a gente, algúns viñan car'a Universidade, e ningún d'iles era o Prof. Martínez Santa Olalla. Canso d'agardar, fun ali de frente a unha barbería, onde me serviron ben en pouco tempo, e párce-me que me puñeron un farrapo quente na cara. Eran as dez. Volta ao Romanisches Seminar. Aberto. Unha señorita

longa, resequida e sesésiga qu'ordeaba paixóns atrás d'unha mesa, unha Secretarin ou Asistentin, dixome que o Profesor Santa Olalla estaba doente n-unha Krankenhaus da que me deu o enderezo, e aconselloume que vira ao Prof. Moldenhauer. Non quixen mais parola. Din volta pra o hotel, pedin un taxi, e fixenme levar á Krankenhaus.

#### A KRANKENHAUS.

«Lindo panorama» coma houbera dito o chéda necrópolis... Emprincipiei a me decatar de que n-Alemaña val a pena estar doente, o que teña cartos pra se permitil-o luxo d'enfermar n-estas condicíos. O auto parou diante d'un precioso jardín tan vizoso e frolido qu'era maravilla, e daba mesmo genio sentir renixer baixo dos pés aquel'a area dos carreiros, coor d'azafran, com'eu pensei que non había mais que nos poemas d'inspiración verlainiana. Cheguei ao portal, cintilante de mármores e bronzes, e canda min chegou un rapaz novo, moreno e escorreito, e de sócato dizme:

—V. es el Señor Risco.

Era compañoiro do Santa Olalla, que lle fixera o meu retrato verbal, de tan bó geito, que me reconociu aixiña. Non é unha cousa do outro mundo facel-o retrato d'un home coma min, que fica describido n-unha caricatura. Estivéranme a agardar n-un tren, e eu chegara n-outro; deixáranme un papeliño escrito, qu'eu non vin, na cancela da cás de Meyer Lübbe. Todas as precaucíos foran colídas pra me recibir en Bonn... Aquil rapaz —todos son mais novos que un, todos acordaron mais a tempo pra se faceren sabios— chamábase Prieto, e era granadino. Entramolos doulos juntos, e chegámonos á cámara do noso amigo, cheo já eu d'unha emoción de benandanza... Levaba catro días de soedade... Ademais, resultaba qu'enantes de chegar, já eu era n-Alemaña coñecido dos descoñecidos.

O Profesor Martínez Santa Olalla, que se mella un pouco o chefe da coloña hespánola de Bonn polo prestigio das variadas actividades científicas, almorzaba n-unha cama d'operacíos, na mais leda cámara do mais ledo sanatorio do mundo, ond'as lindas polas frolicidas de kakemono japonés deitaban dita e consolo pol-as fiestras abertas ateigadas de pirmaveira. A sua testa moza de sempre,

cos loiros cabelos á moda da Nova Guiné, e as antiparras de carey. Carta da miña casa, súpeta e desordeada conversa, lembranza de todos os amigos, un plan d'estudos e viages compreto, meia guía de Berlin, críteca dos hispanistas tudescos, ouservaciós e juizos en col do caraute alemán, da cencia alemá, da sociedade alemá, das mulleres alemás, unha foliada e unha cíntiga d'arrieiro no gramófono—todo alemán tén un gramófono; todo hespañol que leva algún tempo d'Alemaña, tamén; ao son d'iste gramófono já bailaron as monjías d'esta Krankenhaus...—e a chegada do Sr. Noguera, que vai se o meu guía en Bonn.

O Sr. Noguera entra falando en hespañol, mais nisto véñese a min, e di ajuntand'os calcañares:

—Ah! *Guten Tag!*

Fixome o efecto de que se ll'houbera tronzado a espontaneidade da entrada ao s'atopar c'un suposto alemán, e qu'a presentación ll'houbera devolto o humor.

O alemán non tardou en chegar. Era o médeco, e era judeu. Moi bromista. Pouco parou. Sigueu a conversa.

Do que din e do que pensan istos hespañoles de Bonn; falarei despois. Noguera é catalán e traballa n-arquitectura cristiana no Seminario de Teología católica da Universidade. Todos son católicos en Bonn; o que é protestante, é que é forasteiro. Así e todo, na Universidade hai duas Facultades de Teología: unha católica e outra protestante. Hai tamén unha eireja disidente, dos católicos que non aceptaron as decisiós do Concilio Vaticano; teñen eireja e culto, mais o clero vai lles escaseando.

#### O MUNSTER.

O Sr. Noguera e mais eu surtimos pra ver a cibade.

Pirmeiro, o Münster. O Münster é a catedral de Bonn. Románica restaurada, d'isenso románico alemán tan coñecido, tipo, por exemplo Domo de Bamberg, tan repetido nas historias elementás da arte. Ouso redondo con arqueirías e torres aos lados, claustro caraterístico, bárbaro e rudo, con curiosos capiteis, que non tiven tempo de detallar, vidreiras de coores, boss images. Unha cripta románica con capiteis cúbicos primitivos, restaurada tamén. Por outro lado andan fa-

cendo excavaciós, e atoparon restos moi antigos d'outra eireja con diferente orientación. Todo un pouco frio.

Noguera dalla pouca importancia; di que é bárbaro, pesado, que non ten escultura, que o mais que ten é restaurado. A min satisfai-me mais, ben seña por non ter o gosto esigente do especialista, ben pol-a pirmeira impresión de ver na realidade o que soilo se ten ollado en estampas. Mail-a visita fai tan pouco demorada que teño todo case esquecido.

Non me pasou isto co-a impresión geral da cibade, que cada día se me foi afincando mais na y-alma. Algún tempo despois, ainda dicía eu en Berlin que Bonn era a cibade mais fermosa que vira na miña vida—despois de ver Lisboa!—e layábase de non ter quedado en Bonn.

Despois do Münster, demos unha volta pol-as ruas, enantes de jantar: lembro librarias moi ben postas e clasificadas por materias, jardís cheos de verdor e coor, a Kaiser Platz.

Fun jantar ao Rote Kane, sopa de letras, esa sopa erudita e pedagógica que debeu inventar Gutenberg, e non Picadillo, e unha Kotelette preparada á inglesa. Non tomei café, e cand'estaba escribindo as miñas notas, veume precurar o Sr. Noguera.

#### O MUSEU.

As sezóns de Prehistoria dos Museus alemanes son mareantes, estonteantes, provocantes a vértigo. Son d'unha profusión tal, que n-unha visita d'estas, semella qu'as cristaleiras andan bailando arredor, vólvese un tolo, porqu'aquello non se dá visto, e adiós. Salas e salas que non rematan nunca, ata qu'acaba c'un a canseira, e já non fican forzas mais que pra pillar a porta o mais axiña e surtir logo á rua, porque semella qu'o persiguen a uns coños e os testos, e qu'o acomete a un febre.

No de Bonn, qu'o Noguera me levou ver despois de jantar, hai de todo, dend'o musteriense pra diante. Ja non quixen parar na Steinzeit, farto de tanta cerámica neolítica coñecida, dos vasos campaniformes con decoracións com'as nosas ou diferentes, algunas curiosas pol-a sua aparente irregularidade. Da Edade do ferro non vin más que sete pezas d'ouro, brazaletes e torques que coido de

La Tene. En troques, hai moitos torques grandes de bronze, de barra retorta de seízón cadrangular.

O mais importante é o romano: cerámica, estatuínas, e moitos, moitos, moitos vasos de vidro, con gran variedade de formas, algunas que non vira endejamais, e outros ben grandes e inteiros. Estupenda coleizón, a d'epigrafia romano-bárbara.

Logo, a seízón bárbara, con epigrafia, cerámica, vasos de vidro dos qu'andan polos libros, espadas de ferro, sepulturas inteiros.

Na seízón medieval, hai soberbas esculturas en madeira, sobre todo, do XV. O Noguera chamarme a atención pra unha Pictá de face convulsa de dor, é un Cristo terribelmente trágico nos brazos. A violencia da raza alemá—gran guerra, spartakismo, naciona-socialismo, cecais, coma resume, expresionismo—estarrica os ósos, retorce as juntas e domea o pescoco d'esta figura crudemente martirizada.

Muito teño ouvido falar da violencia germánica. Mais o patetismo d'esta figura é mais que nada, romántico. El non é isto o romantismo, unha parte ao menos, importante, do romantismo? Romantismo, en parte, é paixón; violencia é paixón. Co gallo d'isto, censuran algúns que non deberan—Sardinha, Maritain—o romantismo. Non hai razón: o romantismo é bó e ruín. O clasicismo é frio de mais pra ser bó. O clasicismo iñora a Cristo; mais por Cristo ou contra Cristo, o romantismo é de cote cristiano. O Clasicismo iñora o pecado—s'il mesmo non é já un pecado contra do espírito, non contra do espírito atal coma o entenden os clasicistas e filósofos modernos: espírito—razón, inteligenza teórica etc.; senón contra do espírito verdadeiro, cujo prototipo é o Espírito Santo, o que descendeu en figura de flama, de lume, non luz somentes, coma quer ser o espírito dos filósofos, mais a un tempo luz e quentura, paixón, loucura da Cruz...—; o romantismo pódese gozar no pecado, mais ten de cote a noción do pecado, a mais cristiá das nocións, allea ao clasicismo. E todo pecado pode ser perdoado, senón é o pecado contra do espírito, contra do lume vivificante que se fixo plástico n'esta figura, porqu'o seu criador, sobrabondosamente inspirado, deitou nela tanta sustanza espiritual, sua (fé) e comunicada (inspiración), que por forza tiña que martirizar a materia e sobrepassal-as for-

mas pechadas no cónon, nas que se detén o clasicismo, coma de feito as sobrepassa tantas veces a mesma natureza. Do que podéramos tirar a consequenza de qu'hai mais lume, mais espírito na natureza, que no mundo racionalizado dos clásicos e dos filósofos. Precisamente é esa infusión d'espírito a que na natureza non pode captar a cencia cando ll'aprica un espírito artificial: o espírito matemático de Kepler e Galileu, emperfiados na teima d'euclidianizar a natureza... E se cadra, iste engano é a defensa do incognoscible, a barreira, o valado que descubreu Kant, e que puxo Deus á cobiza intelectual dos homes, en castigo do pecado original.

Por todo o Museu adiante, andan uchas de madeira d'arte popular, en cuio decorado predomina a pola serpexante, os florós circulares de moitas follas e os recadros. Os ferrrollos son singelos. Hai un arcón reforzado con tiras de ferro cruzadas e co mesmo sistema de pechos que o que tiñan no Consulado hespanol de Hendaya. Outro tipo moi arcaico, asegún o Noguera, medieval, con reforzos de ferro en feitio de ramos angulares, e sen mais talla qu'algúns florós.

Outra cousa d'arte popular moi fermosa, son as de louza, que teñen unha saliña: platos coa Virxe e o neno, d'execución moi torpe, pero graciosa; con excesos d'amores, militares e cabaleiros en caricatura, señores de chisteira, moi chistosos. Placas cadradas con imágenes pra pôr na parede, escribanías das qu'ainda venden nas tendas coma pezas engebres, estatuas de persoaxes, serias ou caricaturescas, e outras moitas cousas que non podo lembrar. Cores azúes, verdes e mareas principalmente, anque tamén toda policromía.

A seízón de pintura non ten en moderno nada de particular: mestres secundarios da escola alemana e holandesa, copias do Correggio, un Carracci, uns cadriños pequenos qu'apoñen a Velazquez, algúns italiáns de terceiro orde.

N'unha das salas, un garda vello e grosso, grandote, fofo, de bigote branco, ao nos ouvir falar hespanol, ven onda nós falando portugués, dicindo qu'estivera moito tempo no Brasil. Eu faleille algo, mais non tiñamos tempo pra nada.

O mais interesante do Museu son os cadros de primitivos alemanes da Escola de Colonia, cadros góticos moi fermosos, algúns restaura-

dos. O Noguera desconfia moito destas restauraciós; di que sabe Deus coma serian as coores primitivas, que se teño ocasión, que vexa coma traballan os restauradores en Berlin, que o fan co pincel na man.

O certo é que, seña por non teren o ouro da pátina, seña pol-o qué, istes cadros restaurados resultan d'unha cor marcada de mais, ágría e non sempre armoniosa. Hai azúes e coores tella que mancan nos ollos. A pátina dalles unha calideza especial, unha quentura agradábele e dourada que perden na restauración.

Hai uns cantos Boscos, de cote graciosos, réplicas, copias ou originás d'outros coñecidos.

#### A BEETHOVEN-HAUS.

Por fin, deixámolo Museu, e atopamos a outro pensionado, o Dr. Muñoz, qu'estuda sociología, e estaba falando e rindo c'unha estudanta, na rua. Estas rapazas estudantes teñen, naturalmente, todas mozo. Non soamente as guapas, que son moitas: «*Ein rheinisches Mädchen...*», loiras e coloradas, senón as regulares e ainda as feas. Esta era regular nada mais. Trátanse cos rapaces con gran intimidade e liberdade, somentes qu'asegún os hespañoles, compre tratallas de «*gnadige Fräulein.*»

No camiño pr'a Beethoven-Haus, vin a primeira manifestación comunista: uns trinta con bandeira bermella e uns letreiros nuns paus, atrás d'unha banda de mísica. A gente seguía pol-a rua coma se tal cosa, e os schupos non facían mais qu'acendárenles pra que circulasesen. Emprincipiaron a cantar, e fóreronse marchando. Ao nós pasar un paso-nivel, o gardián, rapaz outo e loiro, deixounos pasar antes de tempo, erguendo os paus pintados qu'o pechaban, e decindolles a unhas señoritas qu'íban dediante:

—Pesen, que já d'abondo os fixeron agardar os comunistas!

Dixoo de moi mal genio pra os manifestantes.

Infórmame os meus compañeiros de qu'en Bonn hai moi poucos comunistas, que aquiles habían ser algúns sen traballo pagados pra manifestárense, ou gente que collía iste pretexto pra sair c'unha mísica cantando a coro pol-as ruas. A mísica é moitas veces o verdadeiro motivo das manifestacións. Os ale-

más gozan c'unha banda e c'un coro, mais compre motivalo pra sair pol-a rua, e o motivo tan ben pode ser o comunismo com'outra cousa.

Na Beethoven-Haus, a entrada custa un marco. A casa é antiga e boa, c'un portal moi limpo onde venden postais, fotografías, libros, partituras, prospectos referentes ao Mestre, e onde s'anuncian os festivais beethovenianos de todo o mundo.

Enriba, as habitacións están cheas de vitrinas con escritos da man de Beethoven e dos seus amigos, partituras, cartas, documentos, lembranzas íntimas. Pol-as paredes, retratos de Beethoven e d'amigos e admiradores. Hai tamén pianos e claves antigos, violoncellos, violins e outros instrumentos regalados por artistas, bustos e estautas. Vimos a mansarda onde naceu Beethoven: hai ali un busto en mármore e coroas ao pé.

Un señor gordo, moi serio, vainos amosstrando todo e espicando; de cando en cando, fai un chiste... Conóceo vai unha familia composta d'unha Frau, unha Fräulein e dous Kinder. As señoritas admiraban moi todo, sen comprenderen nen migalla; os nenos non fan caso de nada. Certo que hai pouco lugar á emoción, e un vai já canso. Non embargante, desfian nomes e figuras pol-o magín. Canto mais agradábele non había ser aquela Alemaña que non a d'agora! A Alemaña romántica, a que todos levamos dentro e que o non atopala é un timo. Cousas que se foron, o espirito, a y-alma, o lume aquíl, que se vai retirando da vida do mundo e deixándoo abandono á morte coa ilusión da vida... En que tempos nos tocou vivir! E que tempos vai acordar o meu filliño! Hai que ter pena polos mozos, polos nenos, polos que veñen, qu'o que é nós, ja pouco nos fica qu'aturar, e polos d'agora, ainda hai museus...

#### SEMINARIOS.

Ben. Despois fumos á Universidade. Edificio enorme. Estivemos nun restaurant que hai pra os estudiantes, con mulleres no mostrador, onde os estudiantes, se sirven a si mesmos. Moita mesa redonda de madeira, con frotes c'un pálido decorado de pintura moderna de tons apagados. Ali Muñoz e Nogueira tomaron algo.

Logo fumos ao Seminario de Teología católica, onde traballa o Noguera en arte cris-

tiao medieval. Cada seízón ten unha sala coas paredes cobertas de librería e no meio mesas longas con sillas, todo pintado de negro e un silencio absoluto. E nada mais. N-unha d'elas, un rapaz collia notas. Non é outra cousa un Seminario alemán. Habería quien agardaría mais utilidade; mais os libros e o profesor fano todo. Despois estivemos no de sociología e economía que son o mesmo.

Pra entrar na sala de leitura dos estudantes, deixamolos abrigos e chapeus n-un guarda-roupa. A sala é grande, toda chea de libros, jornais e revistas distribuídos en seízóns. Ali o que hai principalmente, é literatura e actualidades: non é sala d'estudo, senón d'esparcimento, pra qu'os estudantes s'enteiren,

do que pasa no mundo. Estaba cheia de rapaces e rapazas leendo nun silencio que s'ouvia volver as follas dos libros.

N-un pátio da Universidade, hai un momento aos mortos da guerra: unha figura d'home encoiro, de testa enormemente alargada en violenta postura, erguendo ao oito unha espada desenbañada co-a punta parariba. Ergue a espada com'un viril. Tamén hai nos pasillos moitos retratos d'estudantes e profesores d'aquela Universidade mortos na guerra: están vestidos de peisanos, d'estudantes ou de militares.

(Continuará)

## OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

### L I B R O S

ROMANCE DEL GAUCHO PERDIDO  
por Angel Aller, Montevideo.

**A**NGEL Aller é un galego con saudade, que lembra da sua terra e entrañase nas esencias das terras estranhas e conserva moi ben o ton popular e heroico do romance, tratando á moderna, de xeito que lembra o *Romancero gitano* de García Lorca, con acento mais tradizional e arcaico:

«Pálido broche lunar,  
el cinturón le ponía  
sobre negros merino  
primores de argentería.  
Limpia, nazarena espuela  
por la zaina piel corria,  
corre que te corre, como  
luz en tiniebla sombría.

Romancero, romancero sen dúvida. E ben.

VILLA DE CALVOS DE RANDIN, por Florentino L. Cuevillas e Xaquin Lourenzo. Seminario d'Estudos Galegos, Sant-Iago de Compostela, MCMXXX.

**C**OSTITUIE unha das monografías de bisbarra que ten emprendido o Seminario. Leva unha introducción geográfica, un acaba-

do estudo d'arqueología e etnografía prehistórica, co resultado da esporación de duas necrópolis, unha de antas e outras de sepulturas planas e do achado d'un acobijo de machados d'álvado; notas d'arqueología moderna, e abundosa colleita folklorística. Ven profusamente ilustrada con fotografías e moitos deseños de Xaquin Lourenzo.

Monografía moi valiosa e útil, na que s'enxerga moi ben o conjunto total da vida estudiada, na coherencia de todos os seus aspectos, que é o que se propoñen esta sorte de traballos, os quais, ademais do intrínseco especial de cada aspecto científico, amostran vivente e real o país de que trata.

VIAJE Y FIN DE DO FRONTAN, por Rafael Dieste, Editorial «Niké», Santiago de Compostela.

**O** Trasno e o autor dramático de *A fiesta* estupendo contista de *Dos Arquivos do valdeira*, danos agora unha peza dramática en castellán merecente de ser sua. Farsa trágica de senso un pouco escuro, mais impresionante e de fondo intrínsico. Non sabriamos dicir se nela predomina o simbólico, mais ou menos procurado, ou o singelamente humano, anque desde logo é isto o que nos engayola, e é isto onde é mestre o autor. Os persoaxes, ainda sendo de lenda e ata indeterminados—o caseiro, o Labrador, o Pelegrino—teñen vida real. A influencia de Valle-Inclán pa-

récenos indubidable; Don Frontán, mais trágico, mais fatal, lembranos certos instantes de Don Juan Manuel Montenegro, anqu'outras veces s'arreda moito d'il.

GALICIA, CARA Y CRUZ, por Julio Sigüenza, Montevideo, 1930.

**V**ELEQUI un libro do que non é doado dar unha ideia sen repetido. Compre léllo. E' un libro aproveitado. N'il están todalas inquietanzas d'un desterrado agudo e consciente, pol-a sua terra. E' un libro moi personal, coma de poeta, e moi de todos pol-o intres do que trata. Ten acertos sorprendentes, ás veces n-unha soila frase, n-unha soila verba. E', só imos clasificar, un libro de critica, non furgadora nem demoledora, senón positiva. Libro esprazado, afirmativo e franco. Junta unha leda independencia de criterio, unha nidia e espontánea ortodoxia nacionálista. Vai revisando os nosos valores espirituais: homes, obras, raza, arte, cidades, institucións, probremas. Libro súpeto e ambicioso. Compre léllo.

## REVISTAS

BROTERIA, dezembro 1930.

**S**UMARIO: *O Livro dos Espíritos*, M. de Sousa Pacheco.—*Soldados para a Epopeia*, Serafim Leite.—*A Crise da Família*, Luis G. de Fonseca.—*A nação formal do número*, Julião Pécalet.—*Aspectos da Poesia portuguesa*, José Agostinho.—*Deveres negativos do clero*, E. Jombart.—*Influência religioso-cultural do Bolchevismo*, Mons. Pfleiffer.—*Revista de Revistas*.—*Notas bibliográficas*.—*Obras recebidas na Redacção*.—*Ephemérides*.—*Indices do Vol. XI*.

O INSTITUTO, 4.ª Serie, vol. 9, núm. 3

**S**UMARIO: *D. João VI e D. Miguel*, João Jardim de Vilhena.—*A religião grega*, Agostinho da Silva.—*Artistas portugueses do século XVIII*.—*Subsidios documentais para a biografía de Antonio Joaquín Padrón* seguidos de una nota relativa a un quadro da sua autoría, Julio Jesús.—*Ensaio sobre os latínismos dos «Lusíadas»*, C. E. Corrêa da Silva.—*Os estudos germanicos em Portugal*, L. Saavedra Machado.—*Subsidios para a historia da*

## NÓS

*musica em Portugal*, Sousa Vitervo.—*Comentarios de Antonio Couto Castelo Branco sobre as campanhas de 1706 e 1707 em Espanha*, Gastão de Melo de Matos.

N.º 4.

**S**UMARIO: *Cicero advogado*, Luis da Silva Ribeiro.—*La Theorie des Groupes et les Recherches récentes de Geometrie différentielle*, E. Cartan.—*Os estudos germanicos em Portugal*, L. Saavedra Machado.—*Algumas aspectos da prosa medieval principalmente através da «Primeira parte da Crónika de Don João I» de Fernão Lopes*, Vitorino Nemésio.—*Subsidios para a Historia da musica em Portugal*, Sousa Vitervo.—*Do valor diagnóstico da cuti-reacción á tuberculina, em clínica infantil*, Jodo Pórtio.—*Comentarios de Antonio Couto Castelo Branco sobre as campanhas de 1706 e 1707 em Espanha*, Gastão de Melo de Matos.

O NOSO LAR, Revista Ilustrada de Antiguos y Actuales Alumnos del Colegio en Anceis, La Guardia y Vigo.

**P**UBRICATION já antiga—áchase no décimo ano—na que se refrexa a actividade docente dos P. P. da Compañía de Jesús en Galiza. No meio da sua amena variedade de revista de caraute geral, destaca a información escolar. Nos números que temos recibido publica un traballo en col de *La Purísima de Juan de Juanes*, de G. Bravo, outro en col do *Monasterio de Melón*, de Antonio Vazquez García, e *A Cantiga do Xilgariño*, poesía galega de José Rubiños S. J.

A NOSA TERRA, Xaneiro 4.º 1931.

**A** coñecida publicación, Idearium das Irmandades da Fala, trocou o seu formato por outro mais moderno e popular e ao mesmo tempo, mais imitante ao que tiña no comienzo. Logo sairá quincenalmente, e ainda mais mellorada.

O número que resenhamos traz: *Ao decorrer os días*.—*O deber é berrar*, por Vicente Risco.—*A suxestión do mando*, por V. Paz Andrade.—*Do momento*, por Victor Casas.—*Xosé Lesta Meis*.—*Amor*, por Manuel Luigris Freire.—*O fito d'un camiñar*, por Ramón Otero Pedrayo.—*Na India*.—*Aos nosos leito-*

res.—*Novas da Causa*.—Unha tradución de *Galicia cara y cruz* de Xulio Sigüenza.—*Fins d'ano*, por A. Martínez Doval.—*Follas novas*.—*O ano derradeiro en Betanzos*, por Luis Cortiñas.

LA NOSTRA TERRA, Mallorca,  
núms. 33-36

No núm. 33 (Setembre) publica: *Catalunya a Ginebra*, *El VI Congrés de Minorias Nacionals*; no 34, *Interpretacions de la ironia*, por B. Forteza, *Meditació romana* de Louis Le Cardourel, trad. por J. P. i M. *Cant de tardor*, por Francesc Vidal i Burdils. No 35, *Eynegeticón*, poema de caza de Gratius Faliscus, trad. por A. Pons. No 36, dedicado á lembranza de Mistral, trai: *Mistral i la seva obra*, por Guillem Colom y Esquitxada, trad. de Mistral por Maria Antonia Salvá. Tamén se refire ao cinquentenario da Sociedade Arqueolósica Luliana, celebrado o 18 de Nadal.

SUDETENDEUTSCHE ZEITZEHRIFT  
FÜR VOLKSKUNDE, Prag, 3  
Jahrgang, 1930 6 Heft.

**I**NHALTSVERZEICHNIS: Egon Lendl, *Sudeten-deutsche Kolonisten in Oberslawonien*.—Dr. Gustav Jungbauer, *Sprachinselvolkskunde*.—Karl M. Alier, *Zum deutschen Volks-tanz*.—Richard Zeisel, *Der Dumme hat's Glück Märchen aus der Deutsch-Probener Sprachinsel*.—Franz J. Beranek, *Zum Hausban in Karpathenrussland*.—*Kleine Mitteilungen*.—Atlas der deutschen Volkskunde, etc.

L'ALLIANCE LITTERAIRE,  
Paris, núm. 2.

**S**OMMAIRE: Alexandre Mercereau, *Comment permuter aux Concerts symphoniques de vivre, ou la crise de l'Intelligence Française*.—P. N. Roinard, Leon Talboom et Eugène Figuiere.—P. N. Roinard, *Anibition*, poème.—M. de Nicolay, *Le Dr. Jaworsky*.—Dr. Jaworsky, *La réincarnation au point de vue philosophique*.—E. A. Larit, *Paul Brusat et son oeuvre*.—André Billy, *Leon Deffoux*.—L. Leclerc, *Camille Fabri*.—Marie-Reine Agnion, *H. J. Magog*.—Paul Dalveire, *Robert Veyssié*.—Me. Maurice Prévost, *Henri Tirrés*.—Jean Desthieux, *Ode pour Lucien Rolmer*.—Alexandre Mercereau, *A la mémoire de Nicolas Tarkhoff*.—Adrien Gaigou, *La Fédération des Sociétés d'Ecrivains et des Revues Litteraires de France*.—Charles Dervillier, *A la recherche de Marcel Proust*, *Lucien Aressy*.—*Nous progressons vers Gallipoli*, *Albert Cerisier*.—*Les Mouches*.—P. Dalveire, *Leçons d'amour à l'usage des jeunes filles*, de Odete Dalac.—Felix Galipaux, *Vous ferez bien...*.—Theo Vaslet, *Me. Pon, notaire de province*, de Reginald Granlich.—R. Granlich, *Une fin de vente en Flandre*, *Un honnête homme*.—L. Martin, *Lames de fond*, de Maurice Rhéne.—M. Rhéne, *Lames de fond*.—Alexandre Mercereau, *Qui découvrit l'Amérique*.—Lucien Aressy *Le 6 me. Congrès des Ecrivains* (compte-rendu).—*Bonne langue e mauvaise langue*, ou *A travers la grammaire*.—*Oniscocratie*.—*A travers la presse*.—*Livres reçus*.—*De tout un peu*.—*Petite correspondance*.

IMPRENTA NÓS, LINAKES RIVAS, 50. A CHUÑA

# SEGUNDO · LIBRO · DE COVADONAS POR · CASTELIXO

Pedidos a NÓS - Hortas, 20 - SANTIAGO

Apareceu o volume I da "Biblioteca Murguía"

## DE ESTO Y DE LO OTRO

por Roberto Blanco Torres.

Pedidos a NÓS - Hortas, 20 - SANTIAGO

### FOTOGRAVADO

Si quer qu-os seus fotografiados sexan o mais perfeito posibles, convenlle envialos aos  
Talleres de fotografiado ESPASA-CALPE S. A.

Ríos Rosas, 24-Apartado, 547 MADRID

Droguería e Farmacia  
**LUIS FÁBREGA**

Progreso, esquina a Luis Espada

OURENSE

MERQUE VOSTEDE  
Plumeiros **RAFIUM**

De mais dura qu'os de pruma e limpan  
millor. Véndese en todolos estabre-  
cimentos do ramo

Andrés Perille - OURENSE

O movemento demóstrase andando . . .  
O galeguismo lendo as publicazóns **NÓS**

## Sanatorio Quirúrgico de San Lorenzo

SANTIAGO DE GALICIA  
DE LOS PROFESORES

**D. Fernando Alsina y D. Antonio M. de la Riva**  
CIRUJANO GINECÓLOGO

Establecimiento dotado de todolos elementos que exixen  
a terapéutica e a hixiene modernas, situado nas aforas  
da poboazón, moi cerca do paseo da Ferradura

Teléfono número 195

Pra detalles, calquera dos Directores ou o Médico interno



## A hixiene dos nenos

é a garantía da sua saúde física e moral o día de mañá.

No diario aseo dos nenos emplee o **"Jabón Sales de la Toja"**, único que ás suas altas calidades meiciñas xunta toda a finura e pre-fume d'un xabón de tocador.

Contribuie ó perfeito des-enrolo das criaturas e evita o perigo da escrófula e o raquitismo.

**JABÓN  
LA TOJA**  
**ÚNICO EN EL MUNDO**

1pta  
PASTILLA



O Xabrón da Toxa  
é o mellor.  
Honra á Galicia no  
mundo enteiro



AGUAS DE

# MONDARIZ

FUENTES DE GÁNDARA Y TRONCOSO  
Propiedad de los Sres. Hijos de Peinador

Véndese en todal-as  
Boticas, Droguerías,  
Hotels,  
Depósitos d'augas  
minerás,  
Restaurans e  
vagós-camas de  
todol-os trés.

Estas ugas, de sona universal sona  
o remedio enxebre e eficacísimo  
cand'un quer combater o Artritismo,  
a Diabetis, Desnutrizón, Obesidades  
diversas, doenças do Aparello dixes-  
tivo, Anemia e Neurastenia

Riquísima auga de mesa  
— gaseada naturalmente —

Mondaríz-Balneario, áchase á 35 Km. de Vigo